



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 17 DE SETEMBRO DO 2009**

**LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

**TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE  
Primeira Tenente de Alcalde  
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO  
Concelleiro.  
DNA. ISABEL RUIZ FERRO  
Concelleira

#### CONCELLEIROS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS  
Concelleiro  
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ  
Concelleiro

#### SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

#### INTERVENTOR EN FUNCIONES

LUIS LOZANO LORENZO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e corenta minutos do día dezasete de setembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario Xeral.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

#### **ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

#### **A) PARTE RESOLUTORIA.-**

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO AO ESTABLECEMENTO E REGULACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POLA SUBMINISTRACIÓN DE CATÁLOGOS, LIBROS E OUTRO MATERIAL PARA A DIVULGACIÓN DAS ACTIVIDADES MUNICIPAIS.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO AO ESTABLECEMENTO E REGULACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POR SERVIZOS OU ATIVIDADES PROMOVIDOS POLO CONCELLO DA ESTRADA NAS ÁREAS DE CULTURA, DEPORTE, XUVENTUDE E SERVIZOS SOCIAIS.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, AUXILIOS E SALVAMENTOS DE PERSOAS E BENS E OUTROS ANÁLOGOS.
4º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO Á DETERMINACIÓN

	DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2010.
5º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE URBANISMO DE 9 DE SETEMBRO DE 2009, RELATIVO Á TOMA DE RAZÓN DO TEXTO CORRIXIDO E ADAPTADO Á ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL DO 5 DE MAIO DE 2006 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA ESTRADA PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

\*\*\*\*\*

#### A) PARTE RESOLUTORIA.-

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO AO ESTABLECIMENTO E REGULACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POLA SUBMINISTRACIÓN DE CATÁLOGOS, LIBROS E OUTRO MATERIAL PARA A DIVULGACIÓN DAS ACTIVIDADES MUNICIPAIS.** O Secretario da Corporación fai constar que obra no expediente o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, aprobado por unanimidade de todos os membros.

Non producíndose intervencións, a Corporación aproba por unanimidade o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, e adopta o seguinte ACORDO:

-Vista a evidente conveniencia de regular os prezos públicos pola subministración de catálogos, libros e outro material para a divulgación das actividades municipais deste Concello.

-Visto o artigo 49 da Lei 7/85 no relativo á aprobación das Ordenanzas.

-Vista a competencia do Pleno da Corporación segundo o preceptuado no artigo 22.2.f) da Lei 7/85.

- Visto o informe emitido polo técnico de administración xeral con data 02.09.09.

- Visto o informe emitido pola interventora de fondos o 07.09.09.

#### ACORDAMOS:

*Primeiro: Establecer os prezos públicos pola subministración de catálogos, libros e outro material para a divulgación das actividades municipais.*

*Segundo: Apróbase a regulación dos devanditos prezos públicos consonte ao texto que se transcribe de seguido:*

#### **Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola subministración de catálogos, libros e outro material para a divulgación das actividades municipais**

##### ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polo artigo 127 do R. Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense os prezos públicos pola *subministración de catálogos, libros e outro material para a divulgación das actividades realizadas polo concello de A Estrada* regulados nas seguintes normas, que atenden ao disposto nos artigos 41 a 47, ambos inclusive, da mesma Lei.

##### ARTIGO 2º.- CONCEPTO

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza son aquelas prestacións pecuniarias satisfeitas pola adquisición de libros, catálogos, e calquera outro material dirixido á promoción turística e á divulgación da riqueza patrimonial de A Estrada e das actividades municipais de carácter non obrigatorio.

### ARTIGO 3º.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento destes prezos públicos os adquirentes dos obxectos referidos no artigo anterior.

### ARTIGO 4º- RETRIBUCIÓN

Os prezos regulados nesta ordenanza aboaranse no momento de adquirir os obxectos referidos no artigo 2º.

### ARTIGO 5º.- CONTÍA

1.- No uso da facultade prevista nos artigos 47.1 do R. Decreto-Legislativo 2/2004 e 23.2b) da Lei 7/1985, o Pleno do Concello delega na Xunta de Goberno Local a competencia para fixar os conceptos e contías destes prezos públicos.

2.- A Xunta de Goberno Local, á vista da valoración económica de cada edición ou tirada, acordará os importes unitarios de venda entre un máximo, que será o importe necesario para cubrir a contía total estimada, e un mínimo que permita a cobertura do 25 por cento dese custo.

3. Estes prezos incrementaranse na porcentaxe que proceda do Imposto sobre o Valor Engadido.

### ARTIGO 6º.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- O departamento ou servizo interesado na venda dos obxectos referidos no artigo 2º elaborará un informe sobre o custo total e número de unidades que se porán á venda e someterao á concellería responsable para formular a correspondente proposta, que será fiscalizada pola Intervención municipal.

2.- O expediente así formado elevarase á Xunta de Goberno Local para efectos de determinar o prezo unitario de conformidade co disposto no artigo 5º.2 desta ordenanza.

3. No prazo máximo de seis meses dende a súa aprobación, o responsable do departamento ou servizo interesado xustificará diante da Intervención municipal os ingresos efectivos realizados, e as existencias, se as houbera.

### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza, aprobada definitivamente o \_\_\_\_\_, entrará en vigor e comezará a aplicarse aos quince días hábiles da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e manterase vixente ata a súa derogación ou modificación expresas. ”

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO AO ESTABLECEMENTO E REGULACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POR SERVIZOS OU ACTIVIDADES PROMOVIDOS POLO CONCELLO DA ESTRADA NAS ÁREAS DE CULTURA, DEPORTE, XUVENTUDE E SERVIZOS SOCIAIS.** O Secretario da Corporación fai constar que obra no expediente o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, aprobado por unanimidade de todos os membros.

Non producíndose intervencións, a Corporación aproba por unanimidade o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, e adopta o seguinte ACORDO:

*-Vista a evidente conveniencia de regular os prezos públicos por servizos ou actividades promovidos por este Concello nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais.*

*-Visto o artigo 49 da Lei 7/85 no relativo á aprobación das Ordenanzas.*

*-Vista a competencia do Pleno da Corporación segundo o preceptuado no artigo 22.2.f) da Lei 7/85.*

- Visto o informe emitido polo técnico de administración xeral con data 02.09.09.
- Visto o informe emitido pola interventora de fondos o 07.09.09.

#### ACORDAMOS:

*Primeiro: Establecer os prezos públicos por servizos ou actividades promovidos polo concello da Estrada nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais.*

*Segundo: Aprobar a regulación dos devanditos prezos públicos consonte ao texto que se transcribe de seguido:*

### **Ordenanza reguladora dos prezos públicos por servizos ou actividades promovidos polo Concello da Estrada nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais.**

#### ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polo artigo 127 do R. Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o concello de A Estrada establece os prezos públicos en materia de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais regulados nas seguintes normas, que atenden ao disposto nos artigos 41 a 47, ambos inclusive, da mesma Lei.

#### ARTIGO 2º.- CONCEPTO

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza son as prestacións pecuniarias satisfeitas polos servizos ou actividades de tipo cultural, deportivo ou social promovidos polo concello de A Estrada, tales como:

- Escolas deportivas.
- Programas de cultura e xuventude: obradoiros culturais, espectáculos, etc.
- Programas de servizos sociais: campamentos, viaxes, obradoiros e outros, sempre que carezan de regulamentación específica de prezo público.

#### ARTIGO 3º.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento destes prezos públicos os usuarios ou beneficiarios dos servizos ou actividades referidos no artigo anterior.

#### ARTIGO 4º.- RETRIBUCIÓN

A obriga de pagamento nace cando se formalice a inscrición no servizo ou na actividade que se vaia a realizar.

#### ARTIGO 5º.- CONCEPTOS E CONTÍAS

1.- No uso da facultade prevista nos artigos 47.1 do R. Decreto-Legislativo 2/2004 e 23.2b) da Lei 7/1985, o Pleno do Concello delega na Xunta de Goberno Local a competencia para concretar os conceptos e contías destes prezos públicos e proceder ás súas modificacións.

2.- A Xunta de Goberno Local, á vista da programación elaborada polo responsable do departamento correspondente, fixará os prezos de cada servizo ou actividade, que poderán non cubrir os seus custes atendendo ás razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público debidamente xustificadas mediante informe anexo á dita programación, todo isto de conformidade co disposto no artigo 44 do R. Decreto-Legislativo 2/2004, e coa fiscalización previa da Intervención municipal.

3.- O acordo que se adopte exporase no taboleiro do concello para efectos da súa publicidade.

#### ARTIGO 6º.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- Os obrigados ao pagamento deberán presentar a oportuna autoliquidación consonte ao modelo que lles será facilitado, e ingresar o importe correspondente nas entidades colaboradoras do concello nos prazos que estableza a Xunta de Goberno Local e sempre antes do inicio da prestación dos servizos ou actividades.

2.- Procederá a devolución do importe satisfeito cando o servizo ou a actividade non se presten por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, e cando non sexa admitida a solicitude de inscrición.

Nos demais casos, a falta de asistencia ao servizo ou actividade en que o interesado figure inscrito dará dereito á devolución, como máximo, do 80 por cento do ingresado, sempre que o obrigado ao pagamento comunique a súa renuncia mediante escrito rexistrado de entrada no concello cunha antelación mínima de cinco días ao sinalado para o comezo do correspondente servizo ou actividade, acompañando o resguardo expedido pola entidade colaboradora.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza, aprobada definitivamente o \_\_\_\_\_, entrará en vigor e comezará a aplicarse aos quince días hábiles da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e manterase vixente ata a súa derogación ou modificación expresas. ”

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, AUXILIOS E SALVAMENTOS DE PERSOAS E BENS E OUTROS ANÁLOGOS.** O Secretario da Corporación fai constar que obra no expediente o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, aprobado por unanimidade de todos os membros.

Non producíndose intervencións, a Corporación aproba por unanimidade o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, e adopta o seguinte ACORDO:

*-Vista a evidente conveniencia de modificar a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, axilios e salvamento de persoas e bens e outros análogos.*

*-Visto o artigo 49 da Lei 7/85 no relativo á aprobación das Ordenanzas.*

*-Vista a competencia do Pleno da Corporación segundo o preceptuado no artigo 22.2.f) da Lei 7/85.*

*- Visto o informe emitido polo técnico de administración xeral con data 02.09.09.*

*- Visto o informe emitido pola interventora de fondos o 07.09.09.*

#### **ACORDAMOS:**

Modificar a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, axilios e salvamentos de persoas e bens e outros análogos, nos termos que se transcriben deseguido:

- Engádesse o seguinte parágrafo (o 4º) ao artigo 9:

4.- Sempre que o risco non estea cuberto por unha entidade ou sociedade aseguradora, será de 0 euros a cota correspondente aos servizos realizados nas vivendas e locais anexos daqueles contribuintes empadroados no concello de A Estrada compoñentes dunha unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ao salario mínimo interprofesional. Para estes efectos, entenderase por unidade familiar a composta polos pais e fillos menores de 25 anos que convivan no mesmo domicilio familiar, e por ingresos mensuais o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Os ingresos totais da unidade familiar acreditaranse mediante a seguinte documentación:

Copia da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do ano corrente ou do anterior, segundo corresponda. De non estar obrigados a declarar, achegarase a correspondente certificación expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Certificacións dos haberes, pensións ou subsidios que estea a percibir ou teña percibido nos últimos seis meses cada membro da unidade familiar maior de 16 anos, emitidas pola entidade pagadora que corresponda.

A falta doutos datos, teranse en conta as declaracións xuradas dos ingresos percibidos por cada un dos ditos membros.

A aplicación desta cota está condicionada á presentación na oficina liquidadora dos documentos sinalados no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao que o contribuínte sexa requirido para tal efecto.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente modificación, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello o ----- de ----- de 2009, entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterase en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

4º.- **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN RELATIVO Á DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2010.** O secretario da Corporación fai constar que obra no expediente o ditame da Comisión Informativa de Organización, aprobado cos votos a favor dos concelleiros do PSdeG – POSE e do BNG e coas abstencións dos concelleiros do PP e Sr Reboredo Baños.

**Sr. López Campos, concelleiro do PP:** *Ben, boas tardes, a nosa intención é explicar o sentido do noso voto. Eu creo que me parece que hai que facer unha composición de lugar do que son as festas no noso pobo, e unha das primeiras postas en escena que tivo o Consello Económico e Social nunha das súas primeiras convocatorias, foi concretamente as decisións sobre os festivos locais do ano pasado. E quero lembrar a polémica que xurdiu e un pouco o mal pé co que empezou o Consello cando a súa proposta non é respectada nin referendada polo Goberno e polo tanto elevada a Pleno unha proposta diferente da feita polo Consello. Se ben é certo que o ditame do Consello non é vinculante, pero si é certo que é un órgano que se está pervertendo na súa utilización e ao final estase utilizando dunha forma perversa e esa tan manida polo PSOE e polo BNG, esa transparencia que a utilizan cando, como e onde a eles lles interesan, e polo tanto trasladan que se lle dá certa participación e que se lles dá dende logo capacidade de decisión a determinados axentes sociais e despois faise exactamente o que o Goberno considera sen ter en conta esas participacións. Eu creo que temos que darlle unha volta, e aproveitando este tema dos festivos locais, temos que darlle unha volta ao que é o traballo e a presenza do Consello Económico e Social na nosa vida diaria. Creo que debemos respectar máis a súa opinión e creo que ata o de agora foi infrutuosa todas e cada unha das reunións que tivemos, e creo que a parte se debateron temas importantes, algunhas veces cun claro matiz de utilización política como foi o tema da Cidade do Moble, e me parece que ese non debe ser o camiño que debe dárselle por parte do Goberno a un Consello Consultivo, de representación e representatividade de todos e cada un dos colectivos da Estrada. Paréceme que unha vez máis se produciu un debate, un debate no que ademais pois había dúas posturas claramente interesadas, e logo incluso chegou a haber unha postura na Comisión de intentar buscar un punto intermedio entre esas dúas posicións manifestadas ao Consello Económico e Social,*

*na que se non me equivoco unha parte pedía o sábado 26 festivo e o martes de entroido e outra parte pedía o 24 e 25, xoves e venres, e eu creo que había unha solución salomónica, ecuánime nesas dúas posturas, que era propoñerse o venres 25 (creo que o fixo o compañeiro Reboredo) que era o venres 25 e o martes de carnaval, polo que quedaría constancia que se atendía a vontade das dúas partes, que facían propostas distintas. Como é habitual, o Goberno tomou a rúa do medio, e tomou a decisión que lle pareceu oportuna. Nin a que pretendían uns nin a que pretendían outros e ao final decidiu que fosen festivos o xoves e o venres, 24 e 25 e polo tanto, como nós queremos preservar a función do Consello Económico e Social, cremos na súa importancia e polo tanto cremos que non é conveniente pervertelo como cremos que ultimamente se está facendo, e sen ánimo de tampouco buscar enfrontamentos nin con ánimo de entorpecer os festivos locais que si lle corresponde á Corporación Municipal, polo tanto coa maioría do PSOE e BNG, abstémonos e que sexa o Goberno o que tome esa decisión en contra, como xa dixemos, dun Consello Económico e Social que cada día está esmorecendo e se ten menos en conta.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Boas tardes, ben, acaba de dicir o compañeiro do PP, nós opinamos o mesmo, xa o ano pasado.*

**Sr. Alcalde:** *Un momento, Sr. Reboredo, quero dicirlle ao público asistente que retiren esas pancartas, pois está prohibido manifestarse durante a celebración do Pleno, rógolles polo tanto que retiren esas pancartas. Grazas Sr. Reboredo.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Grazas Sr. Alcalde. Ben, como ía dicindo, xa o ano pasado dixemos que a función do Consello Económico Social non estaba sendo valorada, aínda que todos somos conscientes de que é un órgano asesor. Pois nós, con ánimo de preservar ou de unificar as dúas propostas que se presentaron nese Consello Económico e Social, nós plantexamos na Comisión o sábado 26, que se correspondía ao que pedía a parte empresarial, promovido pola Asociación de Empresarios, o martes de Pascua e o 25 que era a parte que pretendían os comerciantes. Creo que se perdeu unha oportunidade importante para chegar a acordos; había tres grupos que estaban dispostos ao consenso, pero había un grupo que non estaba disposto a elo e polo tanto...; eu entendo que o Goberno, pois para non fomentar unha fractura, non se sumou a unha postura de consenso, ou sexa o 25 e o martes de entroido. Pero en todo caso, como a proposta vai saír adiante por ser a do Goberno, imos manter a nosa abstención.*

**Sr. Otero Espiño:** *Ben, non se quixo en ningún momento soslaiar a opinión do Consello Económico e Social, que leva dous anos funcionando; o que pasa que se dende o propio Consello Económico e Social non saen posturas, non digo consensuadas, senón por unha maioría dos mesmos...; pensemos que aí están representados empresarios, comerciantes, e tamén traballadores, e evidentemente se non hai acordo dentro dos representantes dos mesmos, tal e como dicía o Sr López, non a medida salomónica que consiste en coller unha espada e partir pola metade, senón a medida erasmiana, a de intermediar, e a de consenso á busca de encontros. Evidentemente é o Grupo de Goberno e a Comisión e este Pleno quen ten a potestade para decidir, vaino decidir vostede, o informe do Consello Económico non é vinculante, evidentemente é un órgano consultivo. Se dende ese órgano non foron capaces de acordar unanimemente ou polo menos por maioría, dous días, pois evidentemente a postura do Grupo de Goberno é a que imos propoñer nestes momentos. De todos os xeitos, hai un vello axioma neste país que di que cada un fala da feira segundo lle vai nela. Por favor, como o falar non ten cancelas, como dicía o Sr. López Campos, eu quérolles recordar a vostedes, que o tempo cambia, muda*



moito, onte facía sol, hoxe chove, e evidentemente, hai un aparelleño que se colocaba nas árbores froiteiras neste país, nalgún sitio chámanlle martabelas e noutros tarabelas, e non podemos andar en función de como soe o tempo, porque eu recordo que no ano 2004, sen pasar por ningún órgano consultivo nin sequera por ditame de comisión, sendo o Sr. Reboredo concelleiro de Cultura, se aprobaron o 24 e o 25, e xa houbo contestación para eses días por parte do sector do comercio, e foron o 24 e o 25; polo tanto, non sei por que nos asustamos agora dunha medida que foi consultada, foi a comisión e foi ditaminada cos votos favorables.

**Sr. Reboredo Baños:** *Eu igual me expresei mal. Eu non poño en dúbida que o Goberno elixa o 24 e o 25; eu dixen que en aras a buscar unha fórmula de consenso ante as propostas que se fixeron no Consello Económico e Social, fixemos unha proposta que era unha alternativa a cada unha das partes, e é certo que na Comisión había 3 grupos, e o seu grupo estaba de acordo coa Comisión, en que se había unanimidade de todos os grupos se sacaba esa proposta adiante pero non saíu por que o BNG mantivo a súa postura, e a nós parécenos correcta e punto, acabouse a historia, pero nós abstémonos pois parécenos que era unha oportunidade de deixar ou atender dalgún xeito as dúas posturas que se daban no Consello Económico e Social, nada máis ca iso.*

**Sr. López Campos, concelleiro do PP:** *Eu tamén vou ser breve. Sr. Espiño, ten aí ao compañeiro, á súa dereita que lle pode explicar o que pasou na Comisión, non sei se vostede estaba. Eu tampouco estaba, pero os seus compañeiros trasladárono. Eu creo que nesa comisión houbo unha vontade por parte do Sr. Sanmartín Obelleiro, no seu momento de negociar co resto dos grupos da oposición esa decisión intermedia para intentar contentar tanto á patronal como aos traballadores, e foi o BNG o que se opuxo tallantemente a esta solución, e o partido socialista encartou e fíxolle caso á parte nacionalista do Goberno. Iso foi así e dende logo, vostedes non intentaron buscar unha solución intermedia que permitise buscar un acordo entre todas as partes; iso é así e os bipartitos é o que teñen, polo tanto a nós non nos estraña absolutamente nada que ese sexa o seu “modus operandi”; iso é unha realidade, xa o vivimos en Galicia e estamos a vivilo na Estrada. Independentemente diso, vostedes non son capaces de poñerse de acordo e polo tanto toman esa decisión. É unha decisión súa, nós tampouco nos imos opoñer, é unha responsabilidade do Goberno e toma a súa propia decisión. Pero imos moito máis alá, imos ó Consello Económico e Social. Foi un ente no que todos puxemos un especial interese, un especial esforzo, onde vostedes como Goberno defenderon que ían defender a transparencia e gobernar con transparencia, e que para iso poñían en marcha ese tan manido Consello Económico e Social, e está pervertido, vostede non participa nel, pero cada día a asistencia é menor, e isto vai acabar sendo coma as comisións de festas, e saben ben do que estamos falando: ao principio empezan vinte e acaban dous, cando non ten que facerse cargo o Concello cargo das festas; polo tanto, vostedes que teñen experiencia niso, non fagan do Consello Económico e Social unha experiencia igual que na Comisión de Festas, polo menos intenten darlle contido ao Consello Económico e Social, intenten respectar os seus ditames, que aínda que non son vinculantes, que a xente que fai o esforzo de acudir ao Consello e de achegar as súas ideas, que se sintan representadas, escoitadas e valoradas, e non cada vez que nos reunimos no Consello Económico e Social, sexa (e perdoen a expresión) un auténtico bochorno, porque eu na última que estiven cando foi o tema da Cidade do Moble, o presidente do Consello Económico e Social non sabía nin o que tiña que facer, non sabía nin a orde do día nin o que había que votar, e foi un espectáculo dantesco, e unha imaxe que non favorece en absoluto o traballo dese Consello ao cal nós lle temos un gran respecto, polo tanto procuren darlle a representatividade que ten e procuren dentro da medida do posible, intentar buscar*

*ese consenso, por que quen preside o Consello Económico e Social é unha persoa que está formando parte do Goberno e polo tanto del tamén dependerá que o seu funcionamento sexa un funcionamento áxil, dinámico e que sexa en positivo. Simplemente iso. A proposta do BNG, coa complicidade do PSOE, vanse aprobar o 24 e o 25, a nós parécenos perfecto, non nos imos opoñer, e imos absternos nesa proposta. Simplemente iso.*

**Sr. Otero Espiño do PSdeG- PSOE:** *Vostede aproveita para disparar contra todo o que se presente por diante. Evidentemente, todos temos claro o que é o Consello Económico e Social, pero a do 24 e o 25 xa era a proposta do Grupo de Goberno; outra cuestión era que se modificase por unanimidade, ou polo menos por maioría representativa do Consello Económico e Social, e o que intentou o PSOE. E cada grupo que está nas comisións representado, evidentemente ten a súa opinión, e considero que é lícito e ademais plausible que defenda ata as últimas instancias as súas posturas. Non hai por que marchar da man como se fosemos un matrimonio ven avido sempre porque..., mire: vostede fala de bipartitos e das consecuencias dun bipartito, pero eu dígolle que no ano 2004 vostede estaba nun monopartito. Ben, oficialmente si, votaban todos conxuntamente, aínda que despois cada un tiraba polo seu lado, pero evidentemente vostedes no 2004 votaron os mesmos días 24 e 25 de xuño. Polo tanto, acaso non é lícito?. Mire, de bipartitos empezaremos a falar no PP neste Concello e noutros concellos, aproveitando por traslados doutras forzas, arrancando con eles para sumar no mesmo ámbito; eses son bipartitos, que están nunha figura de non adscritos sen saber moi ben como están, nada máis.*

**Sr. Alcalde:** *Non ten a palabra Sr. Reboredo. Remátase o debate, e polo tanto pasamos á votación.*

Seguidamente A Corporación, cos votos a favor dos Concelleiros do PS de G-PSOE e BNG e as abstencións dos Concelleiros do grupo popular e dos Sres. Reboredo Baños e Torres Álvarez, adopta o seguinte ACORDO:

*Visto o escrito da Consellería de Traballo e Benestar – Servizo de Relacións Laborais - con entrada neste Concello o 27 de xullo de 2009, solicitando do Concello proposta sobre as datas das festas locais de 2010.*

*Vista a competencia do Pleno da Corporación para propos á Xunta de Galicia as dúas festas laborais de carácter local, segundo o artigo 46 do RD 2001/1983.*

*Atendendo aos costumes e usos propios desta vila no relativo ás súas festas máis sinaladas.*

*Consultado o parecer do Consello Económico e Social en sesión celebrada o día 08.09.09.*

**ACORDAMOS**

*-Determinar como festas locais do Concello da Estrada para o ano 2010, os días:*

*24 de xuño de 2010, festas patronais de San Paio.*

*25 de xuño de 2010, festas patronais de San Paio.*

**5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE URBANISMO DE 9 DE SETEMBRO DE 2009, RELATIVO Á TOMA DE RAZÓN DO TEXTO CORRIXIDO E ADAPTADO Á ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA**

## TERRITORIAL DO 5 DE MAIO DE 2006 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA ESTRADA PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

**Dona Irene Aguiar do PSdeG- PSOE:** *Boas noites a todos. A emenda que presentamos, consiste en que tras a análise do documento que se presentou no Rexistro o pasado día 31 na Comisión de Urbanismo do pasado día 9 se detectaron unha serie de erros que se estimou necesario corrixir. Nese sentido, convocouse outra Comisión de Urbanismo que tivo lugar onte, para introducir e incorporar ao documento do que se pretende tomar razón no día de hoxe mediante acordo plenario para introducir a eses erros detectados as correccións que se incorporan ao documento, e así mesmo, tamén dar conta, escoitados os outros membros presentes na devandita comisión, unha matización á proposta que se ditaminara anteriormente que era ademais de tomar a razón do documento que incorpora o preceptivo informe de sostibilidade ambiental, tamén expresamente prestar a aprobación inicial a este documento de informe de sostibilidade ambiental, baseado no documento de referencia remitido pola Consellería de Medio Ambiente. Entón, ese é o sentido da emenda, tomar razón do documento que incorpora estas correccións e aprobar expresamente o documento de sostibilidade ambiental.*

**Sr. Alcalde:** *Ben, o que procede entón é aprobar en primeiro lugar a emenda e posteriormente pasar ao ditame da comisión. Polo tanto, hai algunha intervención pola cuestión desta emenda?. Non hai ningunha. Moi ben, se non hai ningunha intervención, enténdese que a emenda se aproba por unanimidade. Pasamos polo tanto ao ditame da Comisión de Urbanismo.*

Así pois, apróbase por unanimidade de tódolos membros a emenda do ditame da Comisión de Urbanismo de 9 de setembro de 2006, emenda que, á súa vez, fora ditaminada favorablemente pola Comisión de Urbanismo do 16 de setembro de 2009. O sentido da emenda é o seguinte:

-Recollerase expresamente no Acordo a aprobación do Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA).

-Corrixiranse os erros detectados no documento, segundo se expresa a continuación:

### **CAMBIOS NO DOCUMENTO:**

#### TOMO 11. MEMORIA XUSTIFICATIVA

+ *Cambio do texto de Memoria xustificativa (cambios de cadros por baixar a edificabilidade nalgún sector (error atopado no documento inicial) e por cambio de cuadrénios nalgúns sectores por petición feita nas comisións informativas)*

+ *Cambio de Planos 1:10.000 de Estrutura do territorio S0-03/S0-07/S0-11 (por cambio de viarios indicados nas comisións, tanto existentes por titularidades como programados en solo urbano consolidado)*

+ *Cambio de Planos 1:5.000 de Clasificación do solo S1-24/S1-31 (por cambio, de viarios indicados nas comisións, tanto existentes por titularidades como programados en solo urbano consolidado)*

+ *Cambio no Anexo II. Fichas de solo urbanizable delimitado (fichas SUD-R09/SUDI21/SUDI22) por cambio de edificabilidade, cuadrénios ou iniciativa de planeamento (de privada a pública) e sistema de actuación (de*

*compensación a expropiación) no polígono Industrial de Toedo.*

#### TOMO V. NORMATIVA URABANÍSTICA

*+ Cambio de planos 1:2.000 de cualificación do solo S2-04/S2-05/S2-06/S2-10/S2-14 (por cambio de viarios indicados nas comisións, tanto existentes por titularidades como programados en solo urbano consolidado e por cambio de clasificación do solo en parcela de titularidade privada que aparecía como viario público por petición da propiedade e por achega de escritura pública).*

*+ Introducción do Anexo II.AOD. Areas de Ordenación detallada (SUD-R01/SUD - R09)*

#### TOMO VI. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDIO ECONÓMICO

*+ Cambio do documento completo de estratexia de actuación e estudio económico por erros atopados indicados nas comisión informativas.*

Introducida a emenda, continúase desenvolvendo o punto da orde do día.

*O secretario da Corporación fai constar que obra no expediente o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, aprobado cos votos a favor dos concelleiros do PSdeG – POSE e do BNG e coas abstencións dos concelleiros do PP e Sr Reboredo Baños. Lembra que tal e como se ten producido neste membro intre no Pleno o que vai pasarse a debater e posteriormente a votar, é ese ditame do 9 de setembro de 2009, despois da emenda introducida. Finalmente o que se vai votar é o ditaminado pola Comisión de Urbanismo o 16 de setembro de 2009.*

**Sr. Alcalde:** *Algunha intervención?.*

**Sr. López Campos, concelleiro do PP:** *Moitas grazas, boa tarde de novo. Ben, pois, en relación ao ditame, a este punto da orde do día, está claro que o PP ten algo que dicir, e á parte se llo houbesen deixado dicir antes, pois mellor iría o documento, pero por desgracia non nos deixaron participar antes e poder opinar. E a esa participación á que me refiro, pode referirse a concelleira delegada de urbanismo. É unha mágoa que tería quedado perfecto se dixese a instancia de quen se incorpora esa emenda e quedaría o Goberno como un cabaleiro, pero está claro que esa emenda que dá un fundamento xurídico á tramitación do Plan Xeral, foi unha proposta do PP e en concreto da miña persoa despois de analizar a tramitación que se estaba levando a cabo do Plan Xeral. E digo isto por que creo que é un aspecto importante e creo que é importante deixar claro que aínda que a nós non se nos deixou participar na elaboración do documento, e non tivemos absolutamente ningunha participación e podemos participar en escasas catro ou cinco comisións de urbanismo nas que non tivemos ningunha opción de analizar nin debater sobre a estratexia en solo rural polos núcleos rurais nin a estratexia que se ía seguir en casco urbano, e dubidamos sinceramente que exista esa estratexia, por iso seguramente non puidemos debatela. O que si nos preocupaba e nos segue preocupando é a posible coartada que poida ter este Goberno detrás do Plan Xeral, é unha preocupación persoal, de grupo e dende logo estráñanos moito que se puidese intentar tramitar un documento cun erro xurídico de vulto, tan importante como o que se pretendía facer ata a data de onte. É un tema que para nós supuxo*

reunións e ler varias veces a lei, e sorprendíanos que o Goberno levase unha dación de conta do Plan Xeral e do Informe de sostibilidade ambiental, cando este último non está aprobado pola Corporación Municipal, e a lei nese caso é clara. A lei di que hai dous documentos, un é o Plan Xeral e outro é o Informe Medioambiental e hai que incorporar o informe Medioambiental do Plan Xeral na súa aprobación inicial. Como o Goberno toma a decisión de non volver a aprobar inicialmente o documento, mantén firme a aprobación inicial feita polo PP (que é outro tema que hai que deixar claro, que se está traballando na corrección do documento que presentou o PP segundo o ditame da Consellería a orde da Consellería) e o ISA ten que integrarse na aprobación inicial. Como a aprobación inicial foi feita sen ISA, agora hai que aprobar o ISA, eu creo que é unha cousa de sentido común e dende logo creo que legalmente e administrativamente salvamos unha posible responsabilidade á hora de que o documento siga a súa tramitación e poida verse inmerso nun contencioso, que con toda probabilidade tiña todas as de perder e retrasaría todo o documento. Nesa liña, debatemos intensamente sobre o tema e no grupo decidimos facer esa achega que como veremos no transcurso do tempo é decisiva na tramitación, e posiblemente falo de coartadas por que ao mellor era unha coartada decisiva do Goberno que pretendía errar na tramitación, e entón o que habería detrás de todo isto é que o Goberno intente non aprobar o Plan Xeral. Pero xa non por isto, senón por outras moitas cousas que iremos analizando e para iso está o período de alegacións e a análise máis pormenorizada do documento; pero si é certo que este é un aspecto importante na tramitación que poría en perigo todo o que é o proceso administrativo. Á parte diso, e sabendo a responsabilidade que nos toca asumir, sabendo que a política ás veces ten estas cousas e as estratexias de cada un, en aspectos diferentes, ás veces difiren de xeito considerable; a diferenza dun partido que dinamitou o Plan Xeral, que dixo aquela mítica frase que todos coñecemos de que “hai que cargarse o Plan Xeral aínda que A Estrada bote 15 anos sen Plan”, e esa persoa hoxe está sentada no sillón da Alcaldía; outros optamos por facer unha oposición construtiva, e parécenos que todo o que poida ser achegar en beneficio da aprobación dese documento, nos parece importante e sabemos da responsabilidade que temos nas mans, sabemos da importancia que para todos os veciños da Estrada ten a aprobación do Plan Xeral, e somos coñecedores que independentemente das rendibilidades políticas que poidan obter uns ou outros, o Plan hoxe en día é unha prioridade, é unha necesidade, e é algo que os cidadáns da Estrada levan agardando 30 anos, e polo tanto nós sabémonos da nosa parcela de responsabilidade, sentímonos na obriga de traballar en positivo e de colaborar e así o fixemos, aínda que non nos deixaron; e o seguiremos facendo para intentar corrixir ou potenciar determinados aspectos que consideremos importantes do Plan. Nesa liña, nós plantexamos e puxemos unhas condicións que como dicía o equipo redactor que entendían, ou nos preguntaban máis ca nada, e foi no que nos quedamos na primeira reunión de que querían dar a coñecer a filosofía do documento, que nós compartimos a filosofía do documento co equipo redactor, e nesa pregunta, nese intervalo de pensamentos filosóficos urbanísticos, nós chegamos a unha conclusión de tres aspectos que tiñan que ser claves na tramitación do Plan. Nós consideramos que todo o que é o trámite do Plan que levamos ata o de agora, e o que queda por facer, tiña que caracterizarse por tres aspectos, tiña que ser, para nós, ambicioso, transparente e para todos. Esas foron as tres premisas que hai aproximadamente seis ou sete meses cando empezamos a retomar os traballos do Plan, puxemos como filosofía de partido neste documento. A verdade é que nada máis acertada a nosa filosofía e nada máis distante a xestión do Goberno pois non foi ambicioso, nin transparente nin para todos, é exactamente o contrario; ou colleu a filosofía do PP para facer o contrario, o que é habitual nesa disputa partidaria PP – PSOE, que parece que cando o PP di algo, o PSOE parece que ten que facer xustamente o contrario do que di o PP, pero neste caso está claro que foi así, e

dende logo para nós, non se cumpre ningunha desas premisas que se puxeron para empezar a traballar no Plan, cousa que ademais tamén é curiosa, pois puxemos as premisas para traballar no Plan e ao final non puidemos traballar por que non se nos deixou traballar, pero bueno, iso xa foi a estratexia posta en marcha polo Goberno socialista, e en concreto polo alcalde José A. Dono, e dende logo, aínda que non se nos deixou traballar oficialmente nas comisións, nós traballamos duramente no que é o documento, pero tamén é importante destacar cal é o proceso de aprobación deste Plan; eu quero recordar que aínda que se xenere unha expectación importante neste Pleno e dende logo que a xente que non é moi ducha en Urbanismo poida pensar que este é un dos últimos trámites para aprobar o Plan, si é certo e coincidirán comigo en que ó Plan aínda lle queda moito camiño por percorrer. Isto aínda lle queda unha tramitación e aprobación pola Xunta de Galicia e aínda lle queda un longo camiño por percorrer, e dende logo no mellor dos casos, se a cousa vai ben, e os trámites se van cumprindo, o Plan Xeral, falando de maneira cauta, non estará de ningunha maneira definitiva ata dentro dun ano, e iso falando dun escenario de tempo máis ou menos razoable. Entón, tamén queremos destacar cal foi a xestión feita: o Goberno tomou posesión no ano 2007 e ata setembro do 2008 estiveron agardando a aparición dunha Virxe santa que lle permitise eximir do informe medioambiental, estiveron pendentes de que caese do ceo un informe redentor que dixese que o Plan Xeral da Estrada non tiña que estar suxeito á tramitación medioambiental por unha lei que se aprobou no ano 2007, cando os técnicos municipais e o propio Goberno saínte na lexislatura anterior, xa era consciente de que ese informe era vinculante e obrigatorio, pero vostedes estiveron dende maio de 2007 ata setembro esperando que caese do ceo un informe que ao final nunca chegou, e confirmouse en setembro de 2008, que tiñan que estar suxeitos a ese informe medioambiental, co cal perderon un ano e medio de ouro para continuar coa tramitación, e o Plan estivo literalmente nun caixón parado, agardando que caese do ceo ese informe. Despois, hai un aspecto fundamental tamén que é a resolución da Consellería cando non aproba o Plan Xeral da Estrada: nese informe a Consellería, detalla unha serie de modificacións que hai que facer no documento de Plan Xeral para a súa aprobación definitiva, e o Goberno toma a decisión de modificar o Plan Xeral anterior, introducir esas modificacións no Plan Xeral e á súa vez, tramitar o informe medioambiental e chegar a converxelos na exposición pública que é o feito no que estamos hoxe. É evidente que o informe que emitiu a Consellería de non aprobación do Plan Xeral e de determinadas modificacións, era un informe bastante extenso, é certo que eran modificacións moi importantes e practicamente obrigaban a unha nova exposición pública do Plan Xeral e ademais como o Informe de Sustentabilidade Ambiental tamén había que expoñelo ao público, aproveitouse e faise esta nova exposición pública, pero é certo que seguimos con esa nosa dúbida da coartada política que poida ter o Goberno en materia de Plan Xeral, pois están insistindo reiteradamente, e creo que queren cen mentiras convertelas nunha verdade, están chegando ata extremos sospeitosos na mensaxe de que se está respectando escrupulosamente o informe da Consellería en relación coa non aprobación do Plan Xeral, e iso é falso, e vostedes saben que non o están respectando, incluso é máis, mesmo me atrevería a dicir que nalgún caso concreto ou en varios casos, non é que non o estean respectando, están facendo xusto o contrario do que dicía a Consellería, e vostedes saben desa situación pero pretenden seguir trucando e tirando para adiante pese as advertencias que se lles fan dende a oposición. Alégrome que no trámite administrativo recapacitasen e accedesen aos consellos de boa fe que lles dá o PP. Non me alegra tanto que nesta outra parte non sexan tan receptivos e sigan empeñados a ir en contra dun informe, que todos coincidimos que é claro, conciso e que é fundamental respectalo para que a Xunta poida aprobar o Plan Xeral. Non se está facendo, nalgúns casos creo que son cambios substanciais importantes, que incluso me atrevería a dicir que poden

*poñer en risco a aprobación do documento ou a sustentabilidade do documento; é un tema que teñen tempo de corrixir, están a tempo de valorar, e dende logo se queren aprobar o Plan Xeral, axústense de verdade a esa orde e acometan as modificacións que teñen que acometer. Eu creo que nesta fase de tramitación, ao fin e ao cabo, o único que estamos facendo hoxe é dar conta da recepción dun documento e o inicio do trámite para a súa exposición ao público, eu creo que non é o momento do debate de aspectos concretos e de entrar en materia do que é o Plan Xeral; eu creo que o documento ou as expectativas xeradas ou a responsabilidade política debe estar por encima das expectativas xeradas, eu creo que dunha vez por todas debemos de dar unha mostra de madurez política e de saber o que temos entre mans, eu creo que por parte do PP teñen un fiel aliado que non están utilizando (e entendo que non van utilizar de aquí ao final da lexislatura), un fiel aliado que polo menos non somos sospeitosos de querer cargarnos o documento e non dar a información que temos, e acabámolo de demostrar no tema do informe, do acordo que imos tomar hoxe, e que é bastante máis transcendente do que a xente pode opinar, pero incluso xerou un debate importante entre os técnicos municipais e o Departamento de Urbanismo, polo tanto, non somos sospeitosos de non querer colaborar, todo o contrario, creo que estamos facendo achegas que son decisivas para a aprobación do Plan Xeral. Non van vostedes aproveitar esa man tendida que lle estamos dando dende o PP e dende logo, entendo que a responsabilidade eu entendo que sen ningún tipo de participación nin de implicación e polo tanto tomando unha decisión unilateral é do Goberno, nós seguiremos tendendo a man, poñeremos a outra meixela: cando nos abofeteen a dereita poñeremos a esquerda, como xa fixeron outras veces. Para nós é fundamental a aprobación do Plan Xeral. Sr. Espiño, vostede tómao todo a risa, pois para vostede é todo un “cachondeo”, tómao a risa, pero o Plan Xeral non creo que sexa para rir, non me verá vostede a min rir, no meu semblante non creo que haxa un sorriso hoxe, creo que hai un acto de preocupación e de transcendencia sobre o acto que estamos tomando. Eu son consciente de que A Estrada necesita un Plan Xeral e despois que xulguen os veciños cal é o mellor partido político. Nós temos claro que imos seguir onde estivemos ata o de agora, imos seguir facendo o que nos deixen, e que tampouco imos ser obstáculo nin tampouco imos utilizar o voto vingativo como utilizaron vostedes. E o Sr Espiño que tanto se ri, debería dar unha volta ao pasado e recordar que pasou no seu grupo cando foi a votación da aprobación provisional do Plan Xeral na Estrada. Vostede sabe que tivo que cambiar o sentido do voto “in extremis”, pois vostede apostaba por unha abstención para non prexudicar ao Plan, e tivo que votar en contra, vostede sábeo, e hai testemuñas nesta Corporación, así que polo menos non minta, pois vostede trasladou que vostede era partidario de absterse e obrigárono a votar en contra. Polo tanto, seguramente, na próxima intervención tomará a palabra alguén que foi testemuña dese feito. Entón, pídolle que o tome coa suficiente importancia, eu así o asumo e o Grupo Municipal do PP así o asume, nós non imos xogar nin imos utilizar o voto vingativo que utilizou vostede para cargarse o Plan Xeral, e polo tanto coa nosa abstención imos permitir que vostedes sigan coa tramitación, que sigan facendo os trámites oportunos, e seguir para que durante case un ano se adianten os trámites que quedan pendentes no Plan Xeral e que cambien de actitude, que permitan participar, que a nosa actitude é unha actitude en positivo, que o acabamos de demostrar e que polo menos se é ben para A Estrada, que sexa ben para todos e que todos poidamos ser partícipes dun logro histórico que será que esta Corporación aprobe o Plan Xeral da Estrada nesta lexislatura.*

**Sr. Reboreo Baños:** *Boas tardes. Nós manifestamos ao longo de todo este proceso, que tamén queríamos facer achegas á corrección relativa á Orde da Consellería que negaba a aprobación definitiva, pero coincido tamén co Sr López que foi imposible, pero o feito das escasas comisións convocadas para tratar ese documento, fixeron*

*imposible esa participación. Pero hoxe aquí estamos nun proceso aínda moi inicial da fase que queda por percorrer, e polo tanto imos manter unha postura de abstención, tampouco non queremos opoñernos ao documento, e fixaremos a nosa posición unha vez rematada a exposición pública, sen entrar a debater máis alá do que hoxe nos ocupa de por que defendemos a abstención neste punto. Nós vimos reiterando a presenza dun informe xurídico neste expediente de dación de conta e aprobación inicial do ISA porque entendemos que debe ser preceptivo que os servizos xurídicos do Concello da Estrada para determinar e todos ter a seguridade de que o que estamos a aprobar teña todos os requisitos legais. E nós non dubidamos en que os teña, pero a nós o que nos preocupa é a cerrazón continua do Grupo de Goberno en non solicitar un informe nese sentido. E ese informe queríamos que fose en dúas liñas, se a documentación que está no expediente é suficiente, e noutro sentido, se o proceso que se está a iniciar é o correcto para seguir coa tramitación e logo, non vemos alterada ese percorrer co longo de tempo en ter que facer outra exposición pública ou en outro aspecto. Simplemente son cuestións de seguridade, sospeitamos que se pretende ocultar algo, é dicir cando non se accede a pedir ese informe, que sempre se ten pedido, sospeitamos que pode haber algo de ocultación. Tampouco nos sorprende, porque foi o que se fixo constantemente. En todo caso, nós imos absternos por iso, pola falta dese informe, por considerar que ese documento non dá resposta ao esixido no informe da Consellería e non sei se a última hora se incluíu o que nós presentamos na Comisión, que era que queríamos que no acordo tamén figurase o compromiso do Grupo de Goberno de expoñer o documento nas parroquias, é dicir en todas as parroquias, para que os veciños teñan acceso ao mesmo; segundo, que se enviase unha copia en soporte informático a todas as copisterías da Estrada para que os veciños teñan facilidade tamén para recoller esa documentación; e en terceiro lugar, pediamos tamén a creación dunha oficina municipal de atención, como se fixo da outra vez, para que os veciños vaian ver o documento e reciban as explicacións que consideren oportunas, ben sexa por parte do Concello como por parte da empresa. Como non temos constancia diso, imos absternos. E dicíao o Sr. Espiño, eu non vou reproducir conversacións privadas porque non son desa clase de persoas, pero todos sabemos ao que nos comprometemos cada un de nós e iso queda entre nós, polo menos eu así o considero. Eu recordo unha frase que dixo vostede cando foi a aprobación inicial, dixo vostede: imos absternos. Un plan é bo ou malo, segundo a resposta que teña dos veciños, pois ben, nós hoxe imos facer nosas esas palabras e imos dicir o mesmo: imos esperar a que resposten os veciños par determinar se este plan é bo ou malo.*

**Dona Irene Aguiar do PSdeG- PSOE:** *Ben, simplemente facer, en primeiro lugar, unha aclaración, que me parece importante. En ningún momento, en ningún momento dixen..., é máis, manifestei que a emenda que se presentaba era froito das achegas que se fixeran na propia Comisión. Manifestado isto, tamén plantexar que se debe falar das cousas coa debida propiedade, e non había ningún erro xurídico senón que o ditame inicial da comisión do 9 de setembro, o que dicía era que se tomaba razón do documento e que se incorporaba o ISA e prestaba conformidade coa tramitación. Ese prestar conformidade coa tramitación levaba xa implícito o trámite propiamente dito, que é a aprobación do propio documento. Como foi unha matización que para os grupos da oposición tiña importancia (así o vían) e nós tampouco tiñamos ningún motivo para opoñernos a esta petición, por iso se presenta a emenda que vimos de votar para que expresamente se viñese a votar esa aprobación do ISA; entón paréceme importante matizar isto, pois parece pretendese dotar a esta circunstancia de que o documento en termos contrarios sería inseguro xuridicamente, o que non se corresponde coa verdade. En canto ao demais, unha vez máis veño a dicir que non estamos ante o inicio dun novo documento, senón que o*



*tempo nolo marca esa orde denegatoria do 5 de maio de 2006, da propia Consellería, que textualmente sinalaba que denegaba a aprobación definitiva e que era necesario introducir no documento unha serie de correccións e subsanacións para logo remitir novamente o documento. Entón, o equipo redactor escrupulosamente fixo esas correccións, que se introduciron no documento de sostibilidade ambiental, pero axustouse estritamente ás directrices que se marcaron nesta Orde da Consellería e tamén ás directrices que se foron pautando ó equipo redactor nas distintas reunións mantidas na Consellería. Estas correccións foron consensuadas en termos xerais; a Consellería coñece o documento e en ningún momento nos manifestou que houbera esa diferenza tan substancial con respecto ás correccións que era debido introducir. Entón, nese senso, tamén quero facer constar que o único criterio que se introduciu no documento corrixido, foi un criterio técnico. A única impronta por parte do Goberno foi dotar o documento de mellorar, de facer un novo deseño, aproveitar o documento de referencia, introducir as correccións, pero establecer un novo modelo de vila, un novo deseño. Simplemente para tentar mellorar a calidade de vida dos nosos veciños, no senso de introducir no documento semipeonalizacións, carrís bici, dotar dun sistema xeral de zonas verdes espalladas por todo o casco..., e entón, nese senso é o único criterio que se deixou implantado agás dos puramente técnicos. O trámite en que estamos é realmente un trámite inicial, pero que xa ten un percorrido que hoxe principia, que será esta fase de exposicións pública, que evidentemente se dotará unha oficina municipal á que todos os veciños poderán acudir todos os días de luns a venres, de nove a dúas (en principio ese é o horario que se vai establecer) e, por suposto, os técnicos municipais estarán alí, e eu mesma, para atender a todos os veciños debidamente, con todas as dúbidas que se poidan plantexar. Neste sentido, dicir que o documento que se elaborou consideramos que é absolutamente rigoroso, adaptado a toda a lexislación vixente, e por suposto a esta orde da Consellería á que facíamos referencia; e tamén que foi elaborado, permítanme a expresión, con todo o cariño no estrito senso de considerar que é máis que horas de preparar un mecanismo, no sentido de que o noso Concello poida alcanzar o pulo que necesita e que leva máis de 31 anos agardando. E entendemos que esta Corporación Municipal, independentemente das siglas que ten cada un de nós, que ten que se consecuenta e coherente, como tamén dicían vostedes, e niso coincidimos: que despois de 31 anos sen ningún documento de ordenación do territorio, é máis que hora de darlles aos veciños, dotar finalmente aos veciños deste documento de ordenación do territorio, que non debemos esquecer que ese territorio, non é desta Corporación, é dos veciños e veciñas da Estrada, e son eles os que no seu momento como pobo soberano, saberán agradecer nos a cada un de nós esa aposta para tentar esa aprobación definitiva que como dicía é xa máis ca chegado o momento. Moitas grazas.*

**Secretario:** *Se mo permite o Sr Alcalde. Do informe xurídico que se ten falado aquí para a aprobación do presente acto. Ben, antes da aprobación provisional do Plan Xeral, é preceptivo incorporar entre outros informes o da Secretaría Xeral (digo entre outros informes). Esta Secretaría indicou a conveniencia de que xa neste mesmo intre, cando menos, xa estivesen perfilados algúns dos informes a incorporar con posterioridade ao expediente. Basicamente, se se detectan cuestións a corrixir no Plan, é mellor facelo antes da información pública e a súa remisión aos organismos para informes sectoriais. Pero unha cousa é o que a xuízo desta Secretaría sería o máis aconsellable e outra que fose preceptivo; para a adopción do presente acordo non era preceptivo a existencia dese informe xurídico. Obviamente, ademais, de terse seguido a indicación da Secretaría, o acordo que vai adoptarse hoxe teríase demorado no tempo. E nada máis, só para concluír: volver repetir que si será preceptivo, repito, o informe de Secretaría (entre outros informes), antes da aprobación provisional do Plan.*

**Alcalde:** *Moitas grazas Sr. Secretario.*

**Sr. López Campos, concelleiro do PP:** *En relación á intervención que acaba de facer o Secretario, eu estou totalmente de acordo co seu comentario. O feito de poder ter todas as garantías xurídicas á hora de poder iniciar este trámite administrativo. Sobre todo o trámite administrativo, que aínda que non pareza importante, si pode ser unha fonte de problemas á hora de enfrontarse con contenciosos no Plan, eu creo que hai que cubrir totalmente a posibilidade legal. E paréceme moi sensato e moi coherente que se houbesen anticipado xa os informes nos que se avanza xa en aspectos significativos do Plan, o que nos evitaría, despois dunha exposición pública e despois dun informe ambiental, a que os técnicos municipais se vexan nunha situación complicada, e pola súa saúde laboral o entendo así, pois despois as presións poden ser maiores. Sabemos de que falamos e non sería a primeira vez que se fai por parte do Goberno. Eu creo que sería aconsellable telo feito, pero dende logo, non sería por que a oposición non o pedise en reiteradas ocasións e o Goberno non tivo nunca nin vontade nin intención de facelo, algo terán. Pero eu hoxe, como non debato con Sr. Espiño, vou a emulalo, entón vou facer unha frase desas que lle gusta facer a vostede, unha frase de Maquiavelo, que sabe vostede quen é. Maquiavelo dicía “pocos ven lo que somos, todos ven lo que aparentamos”, iso dicía Maquiavelo, e dende logo os veciños da Estrada non ven o que é o PSOE nin o que está a facer o PSOE, os veciños da Estrada, están vostede intentando que vexan o que aparentan que están facendo. É complicado, eu agardo que sexan sensatos, agardo que recuperen ou que inicien unha senda de colaboración, de transparencia, de información, polo ben de todos, e creo que todos sairemos gañando. Coincido coa concelleira delegada de urbanismo que o que é importante para A Estrada, ten que ser fundamental para nós, nós non podemos estar de costas a unha realidade social, e eu admitoo, e díxeno máis dunha vez, e son consciente que nunha parte do urbanismo da Estrada ten responsabilidades o PP: houbo unha etapa anterior na que non se puido aprobar un Plan Xeral, pero non é a única vez que o digo, nin será a última tampouco, é a realidade. Agora, si é certo que o Plan quedou nun trámite avanzado para que puidese estar aprobado en menos de dous anos e medio que levamos, polo tanto se vostedes non tivesen o Plan agochado un ano e medio, por que estivo parado un ano e medio (se non, xustifiquen que foi o que fixeron dende maio de 2007 ata setembro de 2008 co Plan Xeral: cero), polo tanto eu repito, o que é importante para A Estrada, ten que ser transcendental para os políticos. Nós estamos nesa liña, seguimos estando e imos continuar na liña positiva de aportación. Vostedes non agochen nada, o prexuízo vai ser para vostedes e para os veciños da Estrada. Dean transparencia, dean participación, permitan que achegemos a este documento moitas cousas das que podemos chegar, e eu creo que se somos a Corporación que aprobe o Plan Xeral, creo que podemos sentirnos todos orgullosos polo traballo feito, e o PP está nesa liña.*

**Sr. Reboreo Baños:** *Ben, eu soamente a miña última intervención para darlle as grazas ao Sr. Secretario polas súas palabras que van na liña do que nós propoñiamos, é dicir, non cuestionamos a seguridade xurídica do documento, pero creo que non sendo preceptivo, debería ser recomendable solicitar eses informes; con iso xa me marchou a gusto.*

**Sr. Alcalde:** *Ben, parece ser que quedou claro no debate. Eu só quería aclarar dúas falsidades que se produciron nas intervencións. Unha é: este Grupo de Goberno non lle impide a ningún concelleiro traballar todo o que estime oportuno, pode vir vivir para aquí se quere, esa é unha, polo tanto falso que se lle estea impedindo a ninguén traballar no Plan. E segundo: este Goberno non presiona aos funcionarios, e se*

*algún funcionario se sinte presionado, pois evidentemente terá que facerme saber, pero evidentemente eu non presiono a ningún funcionario e entendo que ningún membro do Grupo de Goberno presione a ningún funcionario para que emita informes a medida. É probable que noutras épocas fose iso, pero agora non. Pero xa que o PP reconece que tivo moita culpa en que non teñamos Plan Xeral, a ver se agora redimen esa culpa e como penitencia se poñen sacar adiante este. Moitas grazas, imos pasar á votación da proposta da Comisión de Urbanismo.*

Finalmente, cos votos a favor dos Concelleiros do PS de G-PSOE e as abstencións dos Concelleiros do grupo popular e dos Sres. Reboredo Baños e Torres Álvarez, adóptase o seguinte ACORDO:

Vista a Orde do 05.05.06 ditada pola *Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes* ( denegando a aprobación definitiva ao documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal redactado por ADIU, S.L., que este Concello lle remitira tras telo aprobado provisoriamente na súa sesión plenaria de data 30.01.06; ao tempo que determinando a necesidade de completar/ rectificar/ xustificar estremos varios).

Visto o *Documento de Referencia* elaborado pola *Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible*, (comunicado por esta en data 18.04.07, R.E. 5583).

Vistos os arts. 84 e ss. da Lei 9 /2002, do 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, en relación coa Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación ambiental estratéxica de determinados plans e programas no medio ambiente; e, co art. 5 e ss. da Lei 6/2007, do 11 de Maio, de Medidas Urxentes en materia de Ordenación do territorio e do litoral de Galicia:

## **ACORDAMOS:**

**Primeiro.**-Tomar razón e prestar conformidade á súa tramitación, do documento “TEXTO CORRIXIDO Á ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL DE 05/05/06 DO PXOM DA ESTRADA PARA APROBACIÓN DEFINITIVA”, incluíndo o Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA). O documento está integrado por:

Caixa I: Tomo I Memoria Informativa.  
Tomo IV I.S.A .  
Tomo V Memoria Urbanística ( normativa).

Caixa II: Tomo II Memoria xustificativa ( memorias+planos).

Caixa III: Tomo III Estudo do Medio Rural e Análise do modelo de asentamento poboacional ( planos I e II).

Caixa IV: Tomo III Estudo do Medio Rural e Análise do modelo de asentamento poboacional ( memorias+fichas).  
Tomo VI Estratexia de actuación e Estudo económico.

Caixa V: Tomo VII Catálogo de bens e elementos a protexer.

**Segundo.-** Prestar aprobación ao *Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA)* integrante do seu Tomo IV, baseado no *Documento de Referencia*.

**Terceiro.-** Someter a novo trámite de información pública e simultaneamente ás *Consultas* esixidas polo Apartado 8º do *Documento de Referencia*, o PXOM corrixido mailo I.S.A., durante o prazo de **2 meses**, computado a partires da publicación do correspondente edito/ anuncio no Diario Oficial de Galicia, sen prexuízo da súa inserción, asimesmo, en dous diarios de gran difusión provincial, no Taboleiro municipal de anuncios e editos, e na páxina *web* do Concello; e, con independencia da achega do devandito I.S.A. á *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*, para coñecemento e efectos.

**Cuarto.-** Ao mesmo tempo, outorgar, por igual prazo, trámite de audiencia aos municipios limítrofes:

- Teo
- Cuntis
- Silleda
- Vedra
- Pontecesures
- Cerdedo
- Boqueixón
- Forcarei
- Valga
- Padrón
- Campolameiro

**Quinto.-** Igualmente, respecto do novo documento corrixido, e sen prexuízo da fase de *consultas* a realizar tamén aos que se relacionan de seguido durante o prazo de referencia, interesar informes sectoriais aos organismos afectados, e, en todo caso, aos seguintes, debendo aqueles ser emitidos no prazo de 1 mes, agás determinación en contrario da normativa sectorial de aplicación:

- Ministerio de Fomento ( Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia).
- Ministerio de Fomento ( Dirección General de Aviación Civil).
- Ministerio de Fomento (Dirección General de Ferrocarriles-GIF, Gestor de Infraestructuras Ferroviarias-).
- Ministerio de Industria, Turismo y Comercio ( Secretaría de Estado de Telecomunicaciones y para la Sociedad de la información- Dirección General de Telecomunicaciones).
- Delegación Provincial del Ministerio de Economía y Hacienda ( art. 189 Lei 33/2003).
- Ministerio de Fomento- Dirección General del Instituto Geográfico Nacional ( Servicio de Deslindes y Grandes Escalas).
- Dirección Xeral de Administración Local.
- Delegación del Gobierno en Galicia.
- Consellería de Cultura e Turismo ( Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra).
- Augas de Galicia.

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ( Dirección Xeral de Obras Públicas; Servizo Provincial de Estradas).
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ( Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental).
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ( habitabilidade).
- Consellería de Economía e Industria ( Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas).
- Consellería de Medio Rural ( Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural- Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias).
- Consellería de Medio Rural ( Dirección Xeral de Montes).
- Consellería de Medio Rural ( Dirección Xeral de Conservación da Natureza).
- Consellería de Sanidade.
- Consellería de Facenda.
- Deputación de Pontevedra ( Servicio de Vías e Obras).
- Deputación de Pontevedra ( Departamento de Facenda).
- Deputación de A Coruña (deslinde interprovincial con Padrón – A Coruña-).

**Sexto.-** Simultáneamente, requirir aos departamentos correspondentes os preceptivos informes técnico, xurídico y fiscalizador municipais, relativos á conformidade do PXOM corrixido coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada:

- Secretaría Xeral.
- Intervención de Fondos municipais.
- Servicio Xurídico de Urbanismo.
- Oficina Técnica municipal.
- Departamento do Rural.
- Encargado municipal de obras e servicios
- Negociado de Estatística.

**Sétimo.-** Unha vez evacuado o anterior, resoltas as alegacións, e respostadas as observacións/ alegacións formuladas nas *consultas*, remitir á *Consellería de Medio Ambiente* a seguinte documentación, para a elaboración por parte desta da vencellante *Memoria Ambiental* que deberá reflectirse no PXOM a aprobar con carácter previo á súa remisión ( xunto co expediente completo debidamente dilixenciado) á *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*, en aras de recabar a súa ulterior aprobación definitiva, no seu caso :

- PXOM corrixido.
- I.S.A..
- Alegacións.
- Informes das *Consultas*.
- Informes Sectoriais.
- Informes municipais sobre o proceso de participación pública.
- Proposta de *Memoria Ambiental*.

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde:** *Ben, no día de hoxe, presentouse un escrito por parte da Asociación Virxe Peregrina, e amparándose no Regulamento de Participación Cidadá, vemos que en aplicación do Regulamento estrita, entendemos que non procede hoxe incluír esta proposta, pero evidentemente non está no ánimo do Goberno o de quitarlle ningún dereito a ningún cidadán, nin o de furtar ningunha proposta a este Pleno. Polo tanto, e en aplicación estrita deste Regulamento, creo que deberíamos trasladala ao próximo Pleno ordinario do mes de outubro, no que hai rogos e preguntas, e despois de rogos e preguntas iría esta proposta, xa que nos extraordinarios poderíase intervir, pero só en relación aos puntos da orde do día, posto que non se pode incluír ningún outro punto na orde do día. Polo tanto, esta proposta trasladámola ao Pleno Ordinario de outubro, e alí poderá intervir quen así o estime oportuno. Moitas grazas e boas noites.*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta e cinco minutos.

A Estrada, 17 de setembro de 2009  
O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González